



FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Axudas para fomento do emprego en colaboración con entidades sen ánimo de lucro, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas, para realizar servizos de interese xeral e social

Prazo aberto do 13 de agosto ao 12 de setembro de 2024

Novidade!
Información / memoria do **ano 2023 actualizada no RUEPSS**



Persoas beneficiarias

Orzamento 9.297.150,58 €

→ Entidades sen ánimo de lucro que, na data de presentación da solicitude desta axuda, estean inscritas* na categoría de iniciativa social do RUEPSS, nas áreas de comunidade, dependencia, discapacidade, inclusión, maiores, familia, infancia, menores e igualdade e:

- Dispoñan dun centro de traballo en Galicia no que se estea a levar a cabo programas de apoio a persoas con discapacidade, dependencia, en risco de exclusión, maiores, menores, familias ou mulleres en situación de vulnerabilidade.
- A súa actividade principal se centre en desenvolver accións específicas para a inserción laboral das persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, servizos comunitarios, igualdade, maiores, familia, infancia, menores ou mulleres.



Intensidade da axuda

210.000€ subvención máxima

→ A contía dos apoios para a contratación de persoas desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero estará en función dos seguintes grupos de cotización e importes:

Grupo cotización	Importe máximo mes**	Grupo cotización	Importe máximo mes**
Grupo 1	2.815,00 €	Grupo 6	1.920,00 €
Grupo 2	2.450,00 €	Grupo 7	1.890,00 €
Grupo 3	2.245,00 €	Grupo 8	1.860,00 €
Grupo 4	1.972,00 €	Grupo 9	1.830,00 €
Grupo 5	1.950,00 €	Grupo 10	1.800,00 €

Adicionalmente concederáse un incentivo á mobilidade xeográfica de 180 €/mes por cada muller vítima de violencia de xénero contratada que cumpra cos requisitos.

** Para contratacións a tempo parcial (do 50% ou do 75%) os importes indicados reduciranse proporcionalmente.

FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO



Principais requisitos dos servizos a prestar

- Ser de **interese xeral e social**.
- Ser prestados pola entidade beneficiaria **en réxime de administración directa**.
- Favorecer a **formación e as prácticas profesionais** das persoas desempregadas.
- Executarse no ámbito da **Comunidade Autónoma de Galicia**.
- Formalizar os contratos **sen superar os 9 meses** se son a **xornada completa** ou se é a **xornada parcial (50% ou 75%)***** poderán estenderse **ata os 12 meses**, e en ambos casos serán **incompatibles co exercicio de funcións directivas** na entidade beneficiaria.
- Non serán subvencionables os contratos de persoas desempregadas que tivesen traballado para a entidade beneficiaria durante os tres meses anteriores á data de publicación desta axuda.

Acceso á ficha da sede electrónica



VR 070812024

- Pulsa para acceder -

*** Para mulleres vítimas de violencia de xénero os contratos poderán ser de 12 meses e deben iniciarse no 2024.



Conceptos subvencionables

- **Gastos salariais e de Seguridade Social** das persoas traballadoras contratadas.

Nos supostos de **baixas temporais**:

- **Con substitución**: cubrirense os custos da persoa traballadora substituta.
- **Sen substitución**: reintegraranse os gastos salariais do período de baixa.

Nos supostos de **redución de xornada**:

- **Con contratación adicional**: cubrirense os custos ata completar a redución da xornada.
- **Sen contratación adicional**: reintegraranse os gastos salariais correspondentes á redución.

Os contratos subvencionados, terán unha **duración mínima de 9 meses, non podendo realizarse baixo a modalidade de teletraballo ou traballo a distancia**.



Principais obrigas das persoas e entidades beneficiarias

- Establécense os seguintes **límites á contratación de persoas traballadoras**:

Tipo de entidade		Contratos máximos
Con proxectos singulares***		9
Autonómica	Con 3 ou máis centros de traballo, inscritos no RUEPSS e en 2 ou máis provincias de Galicia	6
	Que non cumpran os criterios da anterior liña	4
Provincial	Con 3 ou máis centros de traballo	4
	Que non cumpran os criterios da anterior liña	3
Comarcal ou municipal		2

**** Consideraranse proxectos singulares os que cumpran, **como mínimo, unha das seguintes condicións**:

1. Prestar servizos a entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito autonómico (Federacións).
2. Prestar servizos a colectivos de máis dunha área de actuación (RUEPSS), no ámbito autonómico.
3. Prestar servizos a persoas con discapacidade, inclusión, en risco de exclusión social, comunidade, maiores, familia, infancia, menores ou mulleres e ter 100 ou máis profesionais no seu cadro de persoal.